

Campamentos de verán específicos para persoas con discapacidade 2016

Persoas destinatarias:

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33%, e unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos, segundo se indica en cada unha das quendas.

Requisitos:

- Ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 40 anos. Ter cumprida a idade mínima ao inicio da quenda e non superar a idade máxima á súa finalización.
- Estar empadroado nalgún concello de Galicia.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que se solicita.

Campamentos quendas específicas

Prezo xeral. 125 € | Prezo con Título de familia numerosa só pagarás 62,5€ | Prezo con Carné xove só pagarás 93,75€

Adxudicación.

A adxudicación farase tendo en conta as seguintes prioridades:

- As persoas que non participaran en anos anteriores.
- Residan habitualmente no domicilio familiar fronte ás que están acollidas en centros residenciais.
- Pola súa idade, este sería o último ano que poderían participar nun campamento deste tipo.

No caso de empate, terán prioridade as persoas con maior porcentaxe de discapacidade. Se segue habendo empate, terán a praza as persoas que presentaron antes a solicitude.

Documentación.

- Solicitud
- Informe médico
- Copia do carné de familia numerosa ou do carné xove, segundo proceda, no caso de acollerse a algunha destas condicións.
- Unha fotografía tamaño carné.

As persoas seleccionadas teñen que aceptar ou renunciar á praza antes de 10 días dende que reciben a notificación de que foron aceptados. No caso de aceptar a praza hai que entregar tamén.

- Xustificante de ter pagado.
- Copia da tarxeta sanitaria ou do seguro médico privado.
- Un informe médico actualizado, no caso de haber cambios de saúde importantes ou necesitar algunha atención especial dende que se presentou a solicitude.

É obrigatorio facer isto, para poder entrar na praza concedida.

Lugar de presentación.

Consellería de Política Social. Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Prazo de presentación.

Ata o 30 de abril de 2016 incluído.

Máis información

Teléfono Social gratuíto: 900 333 666

Para información sobre a **xestión dos campamentos, envío de documentación, valoración de solicitudes e concesión de prazas.**

- a. Teléfonos: 981-547437 /981-544640.
- b. Mail: autonomiapersoal.sxps@xunta.es

Para información sobre as instalacións nas que se desenvolve o programa pódese consultar a páxina web <http://benestar.xunta.es/web/portal/campamentos-veran> ou dirixirse directamente ás propias instalacións.

Máis información nos Servizos Sociais do Concello. (2ª Planta)

